PLAN T.I.C.

Nestes momentos existe un grupo de traballo no centro traballando no uso das **TIC nos procesos didácticos e procesos organizativos dos centros educativos**.

Xa ten elaborado un primeiro borrador do **Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación** para o centro. Os obxectivos deste plan serían:

1.- Introdución das T.I.C. nos procesos de ensinanza e aprendizaxe do centro.

2.- Aumentar a competencia na utilización das T.I.C. do profesorado e do alumnado.

3.- Establecer horas de formación para o profesorado no horario xeral do centro.

4.- Utilizar as T.I.C. na mellora da xestión e organización do centro.

5.- Manter actualizada a páxina WEB do centro.

6.- Aumentar cada curso escolar os recursos técnicos dos que dispón o centro, sendo un obxectivo a medio prazo que todas as aulas onde se impartan clases dispoñan dunha pizarra dixital (ordenador con videoproxector) con conexión a Internet.

7.- Ser un centro educativo de referencia no uso das T.I.C.

Como parte deste plan, as aulas ordinarias de bacharelato xa dispoñen dun proxector fixo e dun armario onde se gardarán o ordenador portátil e o mando do proxector, e calquera outro material que se considere oportuno. Eses armarios terán a mesma chave, da cal poderá ter copia todo o profesorado que o desexe. É moi importante que o profesorado vele polo correcto uso deste material así como que vixíe que o alumnado o respecte e o considere como algo seu. Dispoñer destes medios é un éxito de todos/as e debemos colaborar para que o centro siga mellorando en recursos técnicos, e a mellor maneira é coidando que se respecten.

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algúns dos puntos a destacar son os seguintes:

- A avaliación será continua, tendo en conta as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación.
- Os resultados da avaliación expresaranse: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10. Nas probas extraordinarias os que non se presenten levarán nos documentos de avaliación «non presentado» (NP).
- O proxecto interdisciplinar, aínda que non contará cunha cualificación cuantitativa, será obxecto de avaliación que proporcionará unha información cualitativa.
- O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presenten dificultades continuadas no seu proceso de aprendizaxe poderán quedar exentos da segunda lingua extranxeira.
- A toma de decisións referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no proceso educativo do alumnado requirirá o acordo favorable da maioría simple dos membros do equipo docente.
- O alumnado promocionará ao curso seguinte ou titulará cando superase os obxectivos de todas as materias ou teña avaliación negativa en dúas como máximo. Excepcionalmente o equipo docente poderá decidir a promoción ou titulación con avaliación negativa en tres materias. No cómputo das materias para efectos de promoción e titulación considerararanse tanto as materias non superadas do propio curso como as de cursos anteriores. Para estes efectos computarase como unha única materia as de diferentes cursos que teñan a mesma denominación. A materia de ciencias da natureza do 3º curso, desdobrada en bioloxía e xeoloxía por un lado e física e química por outro, manterá o seu carácter unitario para efectos de promoción.
- Correspóndelles aos departamentos didácticos a organización dos programas de reforzo para o alumnado que promocione de curso sen ter superado todas as materias.
- O alumnado con dezaoito anos cumpridos que non fose proposto para o título de graduado en E.S.O. e teña avaliación negativa ata nun máximo de cinco materias disporá, durante os dous anos inmediatamente seguintes ao remate da súa escolarización, dunha convocatoria anual para superar as materias.
- Os documentos oficiais de avaliación na educación secundaria obrigatoria son as actas de avaliación, o expediente académico, o historial académico de educación secundaria obrigatoria e o informe persoal por traslado, sendo este último elaborado polo/a titor/a.
- Ao remate de cada curso, a persoa titora elaborará un informe individualizado de cada alumna e alumno.
- O profesorado avaliará, nas sesións de avaliación, os procesos de ensinanza e a súa práctica docente.
- Ao finalizar o segundo curso da educación secundaria obrigatoria, todos os centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas polo alumnado.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 4

Xaneiro—2008

Aula de Debuxo

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PARA O 2º TRIMESTRE

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
2º Trimestre	VISITA Á AULA DA NATUREZA DAS CORCERIZAS	Marzo		Un día	X	X	2º BAC.A	
	SAÍDAS PROXECTOS RÍOS	Marzo		2 Horas	X		ESO	

DEPARTAMENTO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
2º Trimestre	SARGADELOS E ALCOA	4ª Sem. Feb.		Un día	X	X	4º ESO BAC.	

DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
2º Trimestre	CURSO DE INICIACIÓN AO ESQUÍ	2º-3º semana de Xaneiro		7 días	X	X	3º-4º ESO 1º-2º BAC.	

DEPARTAMENTO: INGLÉS

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
2º Trimestre	TEATRO EN LUGO "The elephant man"		22-01-2008	Un día	X		4º ESO 1º-2ºBAC.	

DEPARTAMENTO: MÚSICA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
2º Trimestre	EXCURSIÓN ITALIA	Febreiro		1 semana	X	X	BAC.	
	EXCURSIÓN CELANOVA		14-02-2008	1 Día	X	X	BAC.	Lingua Galega
	CONCERTO DIDÁCTICO	Xaneiro		1 Hora	X		Música	

DEPARTAMENTO: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
2º Trimestre	ENCONTRO CON "BLANCA ÁLVAREZ"	Xaneiro-Febreiro		1,30 hora	X		2º ESO	
	REPRESENTACIÓN TEATRAL	Mediados Febreiro		1 día	X		3º-4º ESO	

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
2º Trimestre	VISITA A OSEIRA, TRASALBA, CELANOVA E OURENSE		13/02/08	1 día	X	X	1º-2º BAC.	Departamento de Música
	VISITA Á CASA DE ROSALÍA DE CASTRO EN PADRÓN		28/03/08	1 día	X		2º ESO	

DEPARTAMENTO: RELIXIÓN

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo Sí	Horario lectivo No	Curso	Departamento colaborador
2º Trimestre	VISITA MUSEO DIOCESANO	Xaneiro		Un día			2º ESO	
	RUTA DO ROMÁNICO	Marzo		Un día			1º ESO	

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

LIMPEZA NA SALA DE PROFESORES/AS

Durante o pasado Nadal fíxose unha limpeza das mesas da sala de profesores/as xa que presentaban un aspecto un pouco desordenado. A partir de agora, todo tipo de revistas serán levadas para a biblioteca para evitar a situación de encontrar a mesa chea de papeis. Rógase ao profesorado que eviten deixar material persoal nas mesas.

SAÍDA DO ALUMNADO EN HORAS LECTIVAS

O profesorado debe lembrar que se debe evitar que os/as alumnos/as saian das aulas durante as horas lectivas. Por exemplo, non se pode deixar ir ao baño, salvo excepcións, sempre que queiran, e débese acostumar ao alumnado a que utilice as horas de lecer para facelo. Tamén é importante que todo o profesorado colabore durante o cambio de clases para manter a orde nos corredores e impida que os/as alumnos/as saian da aula.

Por último, débese evitar botar aos/ás alumnos/as da E.S.O. fóra da aula, e en todo caso, se se fai hai que redactar un parte de incidencia que xustifique esa actuación.

DATAS REUNIÓNS 2º AVALIACIÓN

Recórdase ao profesorado que as datas para a segunda avaliación serán os días 11, 12 e 13 de marzo de 2008.